




asociación de escritores  en lingua galega

Homenaxe a Ánxel Casal



Homenaxe a



Escrita Contemporánea 

HOMENAJE A
Ánxel Casal

© Asociación de Escritores en Lingua Galega
© Fotografías e ilustración da capa: Maribel Longueira
Depósito legal: VG-XXXX-2005
ISSN 1989-7340
Impresión: Alfer Industria Gráfica
Estrada de Peinador a Puxeiros - 36417 Mos



HOMENAJE A
Ánxel Casal

Sempre é motivo de ledicia o nacemento dunha nova publicación e moito máis se esta nace coa intención de ser instrumento de normalización cultural e literaria, se nace para que os escritores e as escritoras galegas participen, tamén desde esta humilde plataforma, na construción dunha literatura nacional.


A revista ESCRITA CONTEMPORÁNEA que inicia agora a súa andaina, celebra os vinte e cinco anos da existencia da AELG e, ao asumir a súa historia, asume igualmente os nomes das publicacións que nos precederon e que lle dan nome a esta que hoxe se concreta editorialmente. Así pois, renace a revista como filla da dialéctica da historia cultural do noso país. Dentro desta historia está a que lle é propia á AELG que, ao longo dos últimos vinte e cinco anos, en diversos proxectos culturais e literarios, quixo facer propostas de intervención literaria e buscar a súa homologación social. Isto foi o que guiou sempre aos escritores e escritoras galegas.

Este camiño que agora reiniciamos facémolo da man dun referente cultural e político como é Ánxel Casal. O seu nome foi case que borrado da nosa memoria colectiva, mais nós temos a obriga ética e a necesidade de dicir unha e outra vez o seu nome, contar unha e outra vez a súa biografía para que o futuro de noso exista. Rescatámolo das sombras para que sexa luz e sexa norte.

Ánxel Casal foi o responsábel de comunicar á sociedade galega os froitos do proxecto político-cultural que o nacionalismo estaba a construír, tamén coa literatura. Co seu asasinato e o de todos aqueles e aquelas que entregaron a súa vida por Galiza, negáronsenos as súas experiencias e a concreción do seu maxisterio, en proxectos que nos terían feito o camiño máis propicio na defensa dos nosos dereitos nacionais. Tivemos, iso si, aos nosos irmáns maiores xeracionais que seguiron o ronsel de Ánxel Casal, desde o oficio de escritores e de editores como el foi, e traio para aquí a Francisco Fernández del Riego, a Isaac Díaz Pardo, a Manuel María e a Xosé María Álvarez Blázquez.

Hoxe entregámoslle este agasallo, este ramo poético e de imaxes da súa Compostela, da man dos escritores e escritoras galegas e da fotógrafa Maribel Longueira. Desde xeito, sumámonos aos actos que o Concello de Compostela está a desenvolver co gallo de terse declarado o ano 2005 como «Ano Ánxel Casal».

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega



Ánxel-Prometeo

Homenaxe a Ánxel Casal

No selecto «Círculo do Olimpo», ía un silencio mesto no aire. A parroquia que o atei-gaba –bébeda, cabreada e dispersa– aburríase soberanamente, sen que nin o ruxerruxe maldicinte, os feroces odios ou as feraces paixóns fosen quen de destensar a tirante cor-da de xenreira que encadeaba ao desprezo a clientela do divino garito.

Non moi lonxe, na mesma vila levítica e mítica, o ambiente da esfarrapada «Baiuca do Parnaso» era moi outro: unha quente esmorga –lúcida, lúdica e lúbrica– xuntaba os cadrís fecundos, abría as húmidas intelixencias vizosas, laretaba harmonías sinfónicas. Porén, a febre gozosa da foliada creativa non daba apagado o frío –fondo, seco e mudo– que arrabuñaba o local co gume das súas unllas feridoras e crueis.

—Teño xeo ata nos miolos –rosmou un velliño cego, tremelicón e sabio.

Aleuto e afouto, Ánxel-Prometeo acabou dun grolo a súa copa de licor café, sorriu de esguello, e saíu pola porta.

Orballaba. As badaladas catedralicias desenguedellaban o fío do tempo.

Na pándega triste do Olimpo, ninguén reparou na presenza mundana de Ánxel-Pro-meteo, que se achegaba á lareira, collía un pao con lume na súa punta e, sixiloso e silan-deiro, comezaba irse embora.

Desde o centro do cotarro –impoñente, feroz e vixiante–, o colérico Zeus decatouse axiña do roubo. A botar lóstregos de ira polos sanguinarios ollos, foi na procura do pre-tensioso ladrón.

Como unha lebre perseguida, fuxiu Ánxel-Prometeo. Chegou ata a porta do Parna-so. Entregoulle o lume aceso á inspirada parroquia. Fíxolles unha encomenda:

—Velaí tedes o lume sagrado do libro, da ética e mais do idioma. A ver que facedes con el.

Cando Zeus alcanzou a Ánxel-Prometeo, xa unha minúscula lapa aquecía a «Baiuca do Parnaso». Cando o impávido Zeus matou ao varudo humán, moitos calaron.

Mais o lume aínda alentaba no Parnaso, feble pero firme.

Álvaro Lago



A semente de Ánxel Casal

O 25 de xullo de 1924, *A Nosa Terra* edita, unha vez máis, na súa sede da rúa Real da Coruña, o número dedicado ao “Día de Galicia”, o 203 do seu ano VIII. Os responsábeis da publicación, os colaboradores, os lectores saben que non están os tempos para camiñar sen precaucións: estamos no ano 1924, con once meses de goberno do dictador Primo de Rivera: no pé da primeira páxina da Revista, lese en letras grandes: “Este número foi revisado pola censura militar”. No entanto, alí están os artigos reivindicativos dos irmáns, dos persoeiros da cultura galega de entón e de sempre: Lugrís, Losada Diéguez, Lesta Meis, Cabeza de León, Carré, Otero, Bouza, Amado Carballo, Vicente Risco... E alí, nun recantiño da páxina 8, sorpréndenos Ánxel Casal cun texto, cousa estraña nel, curto, pero sen desproveito: “SEMENTEMOS”:

Estes tempos non son tempos de trunfo, son tempos de loita; de loita individual e en todol-os terreos: no traballo, no café, na rúa... contra un e contra todos.

Pero namentras non ven o día da recolleita é preciso intensifical-a sementeira, para que non teñamos que nos doere de non haber rendido toda a la obre que debíamos e que a patria merecía.

E como quizais a nosa xenerazón non será a que vexa brilar con todo o esplendore a estrela que nos guía; é indispensable, para qu’ o noso traballo non sexa ininterrumpido, cuidar da educación dos que veñen...

Poucos anos despois, o editor Ánxel Casal, na rúa do Vilar de Compostela, con menos cartos que ninguén, con menos subvencións que ninguén, pero cun amor a Galiza e á cultura galega como poucos, aberto a todos e sen marxinar a ninguén, chega a editar un cento e medio de libros, moitos deles fundamentais na nosa literatura. Dese labor dixo Otero Pedrayo: “Endexamais saíu da imprenta de Casal unha páxina baixa, ruín, ou intresada”. ¡Segue a ser un exemplo!

Andrés Pociña



(É a posición en media espiral
da costureira que nos dá nome).

A agulla de María Miramontes
abriunos unha ventá
de teas douradas
e soños no prelo

Escura
na foto
pespuntou andoriñas
que non exiliaron

Ficaron
na Terra
cortando fíos
co peteiro

Brocados azuis e brancos
Cantos de liberdade
na fronte

.....

Antía Otero



Maldición

Aquel libro semellaba estar ameigado. Xa había algún tempo que o mandara ao prelo e certamente, cada vez que me achegaba pola imprenta, algo raro pasaba.

Un día fun ver se estaban preparadas as probas e logo de mirar e dar voltas co impresor, que aseguraba que o deixara riba dun anaquel, apareceu preto do cubo da vasoira, como si fose unha premonición.

Outro día no que me coincidiu pasar por diante do obradoiro, xa de noitiña, entrei por ver como ía a cousa. Foi pasar pola porta, saudar e irse a luz todo nun intre. Loxicamente, non puideron velo.

Por fin chamaronme para corrixir o texto. Fun por el, metino no auto e fun tomar unhas cervexas cuns amigos cos que quedara. Cando regresei, unha das portas víase aberta, a radio e maila documentación non estaban, nin tampouco aquel caiado de mango de prata que gardaba no asento de atrás, nin as probas do libro que non sei para que raio as quererían. Tivéronme que facer outras para que puidera corrixilas.

O caso é que agora todo semellaba ir ben pero aquela mañá, ao ler o diario, quedei abraiado. Un incendio destruíra pola noite a imprenta con todo o que alí había.

Nun queixón do meu escritorio gardo aínda un orixinal do libro. Definitivamente decidín non publicalo. Tenme farto. Que vaia ao carallo!

Antón Grande



Ánxel Casal, o alcalde mártir

Lembrar as figuras máis esclarecidas do galeguismo é, para min, un deber de xustiza elemental e máis, si como no caso de Anxel Casal, tiven con el unha relación persoal e considereino como mestre e amigo.

Pola súa imprenta “Nós” da Rúa do Vilar santiaguesa, pasaba eu diariamente no 1935 e comezos do 36 conversando amistosamente sobre os temas de máis interese para a Galicia daqueles tempos e tamén encol daquel voceiro da Federación Agropecuaria de Negreira, titulado “La Voz de Barcala” que se editaba alí. Por certo que os primeiros escritos que fixen –prosa e verso– publicáronse naquel voceiro do agrarismo barcalés e Casal correxíame as faltas máis grosas do meu galego sen máis normativa que o coñecemento da fala popular barcalesa. Aquelas correccións eran para min decisivas. Raramente volvía a cometer a falta que Casal me tiña correxido. Por eso eu considéroo como o meu mestre de galego, pois non tiven outro.

Nomeado Alcalde de Santiago, despois das eleccións de febreiro do 36, formou parte da Comisión que foi a Madrid a entregar o texto do Estatuto ás Cortes. O Estatuto fora plebiscitado o 28 de xuño. Por certo que a min cóubome tamén unha parte de laboura de propaganda, pois xunto a outros membros das mocedades e na camioneta do servizo de limpeza do Axuntamento Compostelán que Casal nos cedera, percorrímos as vilas e bisbarras cercanas a Santiago espallando propaganda, pegando carteis e dando afervoados e improvisados mitins valéndonos dunhas bocinas de cartón que facían as veces de megafonía.

Un daqueles días nos que en Asturias se producían sangrentas batallas contra os mineiros, Casal preguntoume: ¿Que opinas, Pousiña, do que está pasando?

—Que non o entendo, Dn. Anxel, que non me explico como entre españois poden darse estes enfrontamentos tan brutais e ¿Que opina vostede? preguntéille.

—Pois eu opino –respostoume– que si para que haxa unha mellora social ou económica fan falta cousas como estas, eu preferiría vivir no tempo das cavernas ...

Esa foi a resposta dun home bo e xeneroso que demostra a súa calidade como persoa, calidade que non tiveron en conta os asesinos que o mataron.

Polos seus servizos á cultura galega e ó galeguismo, Alvaro das Casas propuxo facerlle un homenaxe a Casal. Otero Pedrayo, Rafael Dieste e moitos outros adheríronse á idea. Castelao tiña dito que Casal era merecente mais ca ninguén de tal homenaxe. A Asociación de Escritores Galegos e a Federación de Mocedades Galeguistas tamén se sumaron á idea, pero, por unhas causas ou por outras, tal homenaxe non se puido facer en vida a un dos galegos máis beneméritos e exemplares do seu tempo.

Pero eu coido que nunca é tarde para facer un acto de xustiza.

Avelino Pousa Antelo



Desandada luz

fervía no mercurio da incompreensión o espiño da condena.

tecida soidade nas cuncas do abrente.

ebrios de luz, os ollos comprenderon a infamia.

descampado da inocencia.

as mans de María fiaban na agulla da ferida a gangrena da memoria.

xa nada che devolveu a ollada.

ardía a cerna do abrollo na voz que fecundou o crime.

aterecido froito nas alas da detonación.

19 de agosto.

en Teo era decembro. 17 do mes que había verte nacer

corenta e un anos atrás.

Baldo Ramos



Os invictos

O silêncio assassinou a Compostela dos invictos
e as vozes roubadas
morrérom silenciosas para sempre
como corações sem rosas sem espinhas.
O silêncio assassinou a tua voz incrédula/tremeluzente/silenciosa/desgastada polas
lousas da cidade da aldeia maior da Europa do seu maior silêncio incompreendido
solitário solidário.


Eu
triste sentido silencioso sentim-me violado à tua beira
no silêncio
sentim-me silenciado na palestra comunicativa e aberta da Europa neocolonialista que
nom nos deu a hipótese de sentir a dor da derrota porque aqui nom houve voz porque
nom existírom os invictos.

Caminhámos sempre à procura dos nossos sentidos silenciosos que nom existírom
nunca neste silêncio de voz interminável.
Caminhámos sempre à procura dos seus mandatos assassinos que nom tenham de
reconhecer porque os invictos nom existem nem vam existir.

Os vencíveis

Chamo eu agora polos invencíveis vencidos polo tempo
chamo por vocês sonhos sem tempo ilusões dumha pátria sem tempos melhores.
Grito polos invencíveis que nom existírom no tempo e que contudo
fôrom vencidos nas palavras e nos sonhos / recriações dumha pátria sem tempos melhores.
Mas só choro polos vencíveis que sonhárom um tempo como o nosso e fôrom vencidos
e continuárom a sonhar além do sono dos seus olhos num rio sem tempo inçado de palavras...
Choro por vocês vencidos: Ánxel, Moncho, por Antón e por Vicente, Ricardo e Ernesto
e tantos outros pais a quem seus filhos mutilárom cruelmente no silêncio.

Carlos Figueras



“Cara a Cacheiras.... naquela curva”

A movemento cabrón de dezaioito de xullo. Do trinta e seis.
Que por agosto fíxose morte.
Alí na curva.

—¡Apanda e tira Casal! ¡Anda Anxiño..... e pasa diante....!
Que non hai porque ter medo.....
Nin eu.... Nin ese..... meu camarada.....

Pero todo si vai a movemento cabrón de dezaioito de xullo por agosto.
E a unha banda..... ¡Menuda banda!.....
¡A lei de fuga!

Velaí quen agola. A liña atada a “cara el sol”. Monstrosa.
¡Como se canta a vinganza tanta!
A tiro sempre..... Sempre a tiro.

Así son as mans que asasinan a dúas mans.
As mans da España feudal visible. Do Funeralísimo Frasco Frasquiño.
Aquí no norte. A Casal. E alí no sur. A García Lorca.

¡Pobre do segundo mandamento da Igrexa Liberadora!
Que o desa non. Nin o daquela. Das do bando oficial.
¡O desas non!

Como se valen da camisa nova cara ó sol que inventan.
Que vencedores dinse con bandeiras victoriosas.
¡E mais figuras!

E por atrás van e ¡Pum....!
Un ¡pum¡ para Casal..... E outro ¡pum¡..... para o outro.
E van dous..... E logo tres... E logo catro.....E logo....

¡Vámonos....! —dixeron— ¡camiño de Santiago! —precisaron.

David Otero
a estrada, xuño de 2005



Casal e Villar Ponte: a letra como bandeira

Se aventura foi editar libros en galego naquel tempo, cando o século XX, cambalache, non fixera senón comezar cunha revolución zapatista, unha guerra mundial, a toma do pazo de inverno e a esperanza autodeterminista arexada pola “doutrina Wilson”, o bendito aventureiro Casal necesitou dun forzado da pluma como Antón Villar Ponte para que coa súa palabra, recensión a recensión, deitase raiolas de luz sobre as tupidas selvas de incompreensión, preconceito e invisibilidade que caracterizaban os xornais do país e ocultaban todo o que culturalmente este producía sen servidume a Madrid, fosen libros, cadros, masas corais ou violinistas extraordinarios como Manolo Quiroga.

Había que loitar con palabras, arreo, desde a tribuna pública ou desde a xornalística, contra os que rebaixaban a lingua á categoría de dialecto, contra os que negaban cualidade e gloria ao escrito no idioma de Rosalía, contra os que medían o papel e grandor do intelectual galego en función dos aplausos colleitados nos mentideiros amiúde corrompidos da capital do ex-Imperio, Madrid. E Antón facía para Casal, incansábel, artigo a artigo, ese traballo como ningún outro xornalista galego do seu tempo.

No *Galicia*, de Paz Andrade, primeiro; en *El Pueblo Gallego*, de Portela Valladares, despois; en *El Sol* madrileño, de Urgoiti e *Heliófilo*, simultaneamente; en moitos xornais da Galiza transterrada que non esquecía a raíz (*Céltiga*, *El Despertar Gallego*, *Eco de Galicia...*); mesmo no tantas veces declaradamente inimigo do galeguismo, *La Voz de Galicia*, atrevíase Antón a desafiar a lei do silencio sobre a propia cultura e a recomendar aos seus lectores, con entusiasmo desbordante e vivo trazo, cada novo volume saído do prelo casaliano, nun rosario de cualidade ao por maior: Otero, Risco, Castelao, Lesta Meis, Manuel Antonio, Cunqueiro...

Mais sáibase que Casal, bo e xeneroso, soubo pagar con moeda de leal afecto tanto esforzo e puxo todo o seu empeño en dar canle á produción literaria do escritor de Viveiro: as dúas edicións de *O Mariscal*, o *Tríptico teatral*, *Os Evanxeos da risa absoluta*, o *Nouturnio de medo e morte*, a póstuma *Escolma d-artigos nazionalistas...* Se Casal “fixo por Galiza máis ca todos nós” (Castelao dixit) co seu labor editorial irrepelbel, convén non esquecer nunca que tivo ao seu lado, con fraterna entrega e potentísima voz, a un verdadeiramente entusiasta e incansábel pregoeiro.

Emilio Xosé Ínsua



Letra impresa

Aniñan os morcegos nos meus soños
costura de disparos
e un lóstrego de pólvora nos ollos

triste o vento na quintana de mortos
onde a herba alenta e vive
vencendo a maldición daquela hora

xorde en Galiza unha luz de Granada
estupido de pombas
e un último sorriso na faciana

anxo e casal do libro verbo impreso
palabra incorporada
ao silencio dorido do universo

Fidel Vidal



Canción para Ánxel Casal, fusilado polos fascistas en 1936

(Póñaselle música, na primeira parte, de violíns. Pero que saiban chorar.

Na segunda, de canóns. Pero triunfantes)


-I-

O teu sangue non sabía
non sabía
que licuaba para sempre
nas pedras da Historia e do Tempo de Compostela. Fría.
O teu corazón non sabía
non sabía
que a calor que te abeiraba por dentro
tornaba xeadá e absurda. Perdida.
Mais a túa alma xa sabía
sabía
que a liberdade había despertar no abrente do futuro
de entre as pedras duras da túa Compostela miña. Rexurdida.

-II-

Aquelas balas non sabían
non sabían
que te agardaban da outra beira das rochas, onde arfa a alba. Fría.
Aqueles homes non sabían
non sabían
que foran nacidos para te asasinar
e para rubricar a inxustiza
e para fundar o universo da dor, a orde porcallenta e marcial, a nonvida. Perdida.
Aquela cidade morta
a túa Compostela miña
acorda hoxe na lembranza da túa vida valente
e medra libertaria sobre o teu exemplo.
Xa non fría.
Nunca máis perdida.
E para sempre rexurdida.

Francisco Castro



Nós

Lar, casa non, lar, casal,
casa non, ánxel,
Ánxel Casal, lembranza de futuro
memoria do porvir no epicentro das sombras.
Casal xa somos, ánxel xa somos nós,
xa somos, por palabras, nós, xente, ánxel nós somos, lar e xente. Nós.
Maríamiramó, maríamiramón, amontesmatomiramón,
María, tona do sol
esvarando pola fiestra de auga, nós,
da auga, canción sen voz na gárgola das bágoas.
Ariamiramón, maríamiramón, enfiando palabras,
pespuntos de alborada e puntadas de orballo,
mariamiramón, costura dun país
que aínda respira. Miramón, María.
Xa somos, xa somos nós, nós, xa somos xente e lar,
...xente... anxelmaría, xa somos xente... nós.

Francisco X. Fernández Naval




Abrazo a Ánxel Casal

Poño as miñas mans sobre ti, Ánxel,
e de María Pita ao Obradoiro
acéndese unha luz de semente
e daquela vénme o cheiro a papel e tinta
e estala a patria que aniñou en vós.

Abrazo cada poro teu, a ferida Ánxel Casal,
veciño do Vilar, alcalde de Compostela,
e dígolle ao mundo todo que existes
neste canto que te celebra eterno,
na crónica do país que non esquece.

Pero tamén choro no lombo
do vento
da historia.

Henrique Rabuñal



Pensam queimar as nossas bibliotecas
As bibliotecas que levamos na selva
da nossa memória
Queimarão os livros e as revistas
mas será demasiado tarde
e ainda que ardam também as nossas casas
seremos tam pobres
que ninguém nos ajudará a reconstruí-las

Igor Lugris



Maleta perdida de M.M.

Ola.

Cheguei a Bos Aires. A ver se aclaro as cousas, q vexo polo teu mail q estás revolucionado co curso dos acontecementos. Se non dei coa maleta da Miramontes non foi culpa miña. Non vin perseguindo a ninguén, e xuro que é accidental o d pasarlle ao dpto. esa factura dos 2 billetes a Montevideo. Como podes pensar q o Guapo Iletrado veu comigo? Quen me acompañou foi A. Pérez-Prado, q estaba tanto ou máis ilusionado ca min x dar por fin co tesouro perdido co q Alonso Montero nos puxo os dentes longos toda a carreira.

Fomos a Montevideo porque nos dixeron que se mudara alí a 2ª muller do 2º marido da Miramontes. Para que volvería casar? Se eu estivese con Casal, probabelmente non casaría nunca +. Debía de ser boa muller: 1º deslómbase traballando pra q el fixese a imprenta, e dpois, obrigada ao exilio, casa c1 primo q, cando morre, non ten cousa de + présa ca buscar substituta. E esta tía é a herexe (chamada Leonor) que tira con todo despois d morto el. Seica a maleta chea d fotos para as miñas novelas, papeis hcos.(cartas, docs. sobre o estatuto e o PG) para Villares, e cartas e poemas prá túa cátedra, ardeu hai xusto 3 días. Agora ti dirás s isto ch parece certo: non lle pasou o = a aqueloutro q veu hai uns anos? Esa maleta debe d ter o anel pra gobernalos a todos.

Renego da filoloxía. Pásome ao teatro: voulle pedir a fgvilave@ que me dirixa, ale! Non penso volver aturar as furias e as maletas dos exiliados. Seguro q os actores son + fáciles. X certo: quedo akí un par d semanas +. O Guapo Iletrado rematou d roubar dnis d galegos mortos prás eleccións e prometeume q mañá vai convencer Maruxa Boga para q se deixe entrevistar. Iso proba definitivamente q o meu é o teatro.

Bótote de menos.

Inma López Silva



O esplendor das roseiras

Cinco días no sanatorio a me botaren unguentos nas chagas, e tralas unturas paseo ata o muro de peche inzado de rosas. Non sei cómo non vin a aquel home que lía á sombra dunha figueira ata que el me saudou. Pregunteille despois á enfermeira: era un tolo que acababa de entrar no sanatorio pola súa amizade co doutor. O terceiro día camiñei ata a figueira, ofreceume o tolo o seu lugar para que me sentase a ler no banco, e marchou.

O cuarto día o tolo achegábase polo carreiro, saudoume e detívose. Mareada polo arrecendo das roseiras, vin como lle tremía a man que agarraba o caxato. Baixei a ollada cara á biblia: *Aínda que falase todas as linguas dos homes e dos anxos, se non teño amor, non serei máis que bronce que resoa... se non teño amor nada son.* El continuou polo camiño. Ao erguerme vin o seu libro no banco.

Cando me despedín da enfermeira díxome que chegaran uns homes do manicomio ao amencer e se levaran ao tolo, aínda que o doutor tentou impedirlo.

Na viaxe de volta os arreguizos sacudíanme o corpo a pesar da calor. Parou ruidosamente o tren no medio dun bosque, escoitáronse berros e o revisor pasou pedindo que ninguén baixase. Un esmoleiro se suicidara e a Garda Civil ía levarse o corpo de quen agardara deitado na vía que o tronzase o tren. Cando retiraron ao morto arrastrándoo pola herba pareceume ver, na cabeza que penduraba do corpo esnaquizado, a face do tolo amigo do doutor. Pero non tiveron a certeza de que fose el. E nunca a vou ter ou volverán as chagas e os arreguizos. Como o meu último arreguizo, de medo a que a Garda Civil descubriese o libro de Edicións Nós que gardara na miña maleta, dedicado por Anxel Casal a un camarada da Fronte Popular. Recei pola súa alma condenada ao inferno. E Deus se apiade tamén de min.

Laura Caveiro



Carta nunca lida

Outubro de 1945

Benquerido Ánxel:

Escriboche, como quedaramos, aínda que nunca lerás esta carta, pero tanto ten, eu cumprirei a miña promesa de escribirche contándoches cousas.

Non tiña papel e lapis no cárcere de mulleres de Betanzos e síntoo, pensamos que nunca esqueceremos determinadas cousas e, cando pasa un tempo, xa non lembramos os detalles. Pero intentarei recordalas para ti. Falareiche do que non me doe tanto; non da fame, das enfermidades, da dor da alma cada día, hora, minuto, segundo; non do medo a preguntar, ás respostas, a saber o que ía sucedendo fóra; non da anguria de agardar...

As mulleres organizabámonos en grupos pares, intentando que coincidisen o mesmo número das que recibían paquetes e das que non, para poderen repartir.

As que sabían ler e escribir ensinaban ás que non sabían.

Nos sotos da prisión había un obradoiro de costura. Empezamos a ir a el cando nos decatamos de que poderíamos quitar roupa para os nosos. As gardas vixiaban por riba. Calculaban a vulto o número de prendas que saírían de cada peza de tea e despois nós apurabamos ao máximo a tea, o fío e a lá, e conseguíamos máis. O peor era quitálas do soto e despois do cárcere, tarefa encomendada ás máis habilidosas. Camisas, chaquetas, pantalóns e xerseis remataron no monte, servindo a unha nobre causa.

O 14 de abril de 1942 Isabel Ríos, Uxía máis eu paseamos polo patio do penal con tres xerseis: vermello, amarelo e violeta. Non nos chegaban ao corpo, pero fixémoslo.


Uxía, ¡pobre! Rapárona antes de enviala ao xulgado cun tribunal militar. Botáronlle doce anos “*por adhesión a la rebelión*”. Di:

—Eu coidaba que os rebeldes eran eles. Non entendín nada.

En marzo de 1943 soltaron a Isabel, foi entón cando soubo que morreras no 36. Contoume hai pouco por carta, cando saín.

Unha forte aperta, hoxe, que chove, chove tanto que non se ve o mundo.

Lourdes Maceiras



Levabas no corpo flor de vidro, alfabeto de soños,
entusiasmo senlleiro, unha estrela nos beizos,
o fulgor do futuro, unha folla de faia.

Levabas a esperanza, o trasfego, a lingua
da cultura do pobo, os libros
recadados, o rebulir
das ideas, as empresas de lume, as letras
florecedo, o remuíño das canles, a biblioteca
de auga, galerías de dédalos, vidros de ilusión,
transparencia de textos.

Levabas contigo
a lixeireza das obras, a grandiosidade de
pérgamo, un remanso de angueira,
o caracol da enerxía, o rumor das alturas,
a xiria desenvolta, unha alfaia
de verbas,
o fragor da laboura, a pirámide
lúcida.

Mais soltaron os lobos no camiño
e unha escuridade de crime
asolagou o tempo.

Lucía Novas



Ánxel Casal

A figura de Anxel Casal é paradigmática no longo, e dramático, proceso de normalización da nosa identidade nacional. O seu labor como editor propiciou que o discurso daqueles que, coa súa escrita, estaban a construír país tivese unha repercusión de tal magnitude que o nacionalismo galego deixa de ser un anécdota para se converter nun referente ideolóxico que trascende a súa capacidade de mobilización política.

Pensemos na revista *Nós*, na que Casal toma a testemuña do proxecto que comeza a súa andaina impulsado por Vicente Risco e Arturo Noguerol. Non me estou a referir aos seus aspectos estéticos e/ou literarios, responsabilidade de Castelao e de don Vicente, senón á complexidade das estratexias comerciais para facer da produción literaria galega, –e por extensión das súas diversas manifestacións culturais–, obxecto de prestixio e orgullo dun pobo até entón afastado da creación cultural como elemento clave na reafirmación nacional. Un labor imprescindíbel para que un proxecto da magnitude do encetado en novembro de 1920 acadase unha continuidade só interrompida pola traxedia que golpea Galiza en xullo de 1936.

Conquerir que as empresas empreguen o galego nos seus anuncios. Nunha revista coma *Nós*. Indícanos que certos empresarios, alén da súa sensibilidade para co noso idioma, consideraban rentábel anunciar os seus produtos en galego. E, na altura, sen necesidade de subsidios. Este é o aspecto que sempre máis me sorprende.

Morto o ditador e legalizado o uso do galego, idioma obrigado en certos ámbitos do ensino, non percebo que haxa un maior uso do galego na publicidade. Alén, loxicamente, da institucionalmente obrigatoria. Conquerir que as empresas empreguen o noso idioma para vender o seu produto, dignificaría o galego. E máis canto máis valor engadido teña o produto anunciado. Se a calidade do produto vai asociado a un determinado *status*, de forma sublimar tamén o idioma empregado. *Merque e venda vostede en galego!* Casal o fixo. Ben pode ser un dos nosos retos.

Luís Martínez-Risco Daviña



E atravesaron o Atlántico
Na abada
onde María Miramontes pousa as mans
Para atrapar a soidade
As palabras
Ceibes coma chuvia de estrelas
En agosto
Tamén no 36
Nós
Nunha cuneta de Cacheiras


Nómades as palabras
Fan das táboas do naufraxio
Lar
gardadoras da memoria
espreitan
nas voces caladas
dos homes que ollan
o espanto
desde o cadro do pintor

Angueira de crebeiras
Apañalas da area
Adurmiñalas entre lágrimas
E cantares de máquina de coser
As palabras
Latexo inmorredoiro
De todos os cadáveres
Testemuñas de xenocidio
De derrota

É moi feble o fío do que pendura a memoria
E é triste achar
No mesmo lugar a orixe do olvido
Sen palabras
Para sempre

Non nos fica moito tempo.

Marga do Val



18 de Agosto de 1936

Como pode luz negra frecha de luz negra queixa de requinta
facer infindo un día.

Como hai días en que todos os paxaros son vermellos.

Como vermella pesa a Terra despois do estoupido.

Como ollos cerrados estoupan deitan claridade e soñan
a se verter na herba tal as rosas.

Como rosas mortos falan editan proclamas recendo para pobo e patria.

Como patria funda sobre espanto dor pedra
cidade poema contra esquecemento e morte.

Como sen río do esquecemento non hai beira outra
non hai beira outra non hai morte.

Marica Campo



Os nomes dos que pasaron o Río Negro

Para Enrique Macías Virgós

Nomes, pelouros agochados baixo a lingua. O silencio, caendo folerpa a folerpa, atoa gorxas e memorias, esborrancha lembranzas, neve grisenta ocultando pegadas, finxindo que nunca existiron. Disque non houbo unha tertulia na rebotica da Senra onde se reunían os socialistas. O esquecemento, rillando nome a nome. Talvez fose porque pasou o Río Negro, o río do esquecemento. Seriamos nós quen, ao contrario que Décimo Bruto, non fomos capaces de lembrar os seus nomes? *Esta Presidencia ha acordado que quede suspenso de empleo y sueldo... Boletín Oficial del Estado, Burgos, 23 de noviembre de 1936.* Que pegadas? As cartas que Leoncio Virgós enviou á familia foron dar ao lume. Meu pai recolleu as súas armas, fusil, escopeta do 12 e pistola, mergullounas en ácido nítrico na pileta de cemento que había no baixo da casa: *Que non sirvan para matar a ninguén.* En nítrico ou no fel do BOE. O que ficou: dúas fotos borrosas, unha de 1937, na consulta coa bata branca e gorro de médico, outra de 1938 con boina, poncho e botas, volvéndose cara ao fotógrafo desde o final das súas pegadas na neve. No reverso, *casa e consultorio a dez baixo cero.* Toquino, o carpinteiro fixo un dobre fondo no roupeiro do segundo piso. Abríase presionando unha percha, cada vez que soaba o timbre meu pai agochábase nel. O final das pegadas: cando morreu no hospital de Bos Aires, novembro de 1938, pouco máis que as notas das clases, o decreto de expulsión da Universidade, a necrolóxica nun xornal de Viedma, a historia da noite en que fuxiu a Vigo. Por iso, cuspimos da boca a auga do Río Negro, os nomes silenciados: Jesús Prados, Fernando Calvet, Francisco Giral, Enrique Rajoy, Juan López Durán. Ao descallar o esquecemento: Juan Brañas, Leoncio Virgós, Isidro Parga Pondal, Francisco Rey, Arturo Taracido.

Marilar Aleixandre



Homenaxe a Casal e outros Anxos

Meu avó murriaba¹ a pedra,
seguindo o plano imaxinado,
domeando a tristura e a carraxe
que lle nacían da certeza de saberse vencido.
A coroa non chegou nunca ao pé dos últimos heroes,
ao pé dos que aínda permanecen no pozo común.

Hoxe son eu a que murria as palabras
buscando a pedra exacta para este milladoiro necesario,
o milladoiro que erga aquí e para sempre
a memoria de Anxel Casal,
recuperado daquel agosto triste,
cando un silencio de sangue sementaba o medo a cada hora.

Precisamos
traer toda esa dor até o presente,
lembrar aos que foron detidos,
paseados, tirados nas cunetas,
enterrados en vida,
negados por lustros de castración.
Precisamos
herdar a tarefa que encetaron,
seguir o seu camiño.
Só así descansarán en paz
e a terra será o berce que os acolla.

Facer nosa a súa loita,
facer miña a súa loita,
eis a homenaxe
que lle rindo.

Marta Dacosta

1. Do Verbo dos Arxinas, significa: traballaba.



O parte 36

Era unha festa
a casa
Toda a xente do arredor agarda
E na hora en punto
silencio amargo

O tio Manuel
acende a morte no radio

Paco Souto



os crebados días

(i)

non é exactamente esta pedra
a que masticaba
a fame que tiñamos aqueles días

días orballados
na extraviada memoria e compostela

días prendidos no almanaque
como as sombras prenden no lusco-fusco
o seu alento

(ii)

meus irmáns caeron
atravesados no seu voo insubornábel
polo infame fascismo

caeron meus irmáns
coa dignidade intacta
e cos ollos escintilando
na decrúa desta terra

meus irmáns
e ese eco que aínda aniña en nós

(iii)

virá a esperanza

atoutiñante e estremecida e tola
virá

a esperanza que esculpe horizontes

esperanza encallada no futuro para sempre

Rafa Villar
(maio-xuño de 2005)



Homenaxe a Ánxel Casal

Polo tempo perdido
pola auga da chuvia
estragada entre os dedos
polo tempo perdido
caes sobre o mundo nesta soedade.
Ríos que falan baixo
esquecen na pontella a peneira do ouro
baixo as tumbas dos mortos o fluído da auga
uns nenos xogan á pelota
un tractor verde
ese tronco sen vida pode ser unha trabe
porta do paraíso.
As bágoas suxas entre as pozas do gas
A rosa branca desarmada por ti das súas espiñas.
Abril bica os montes de toxeirás
as flores e a cobra verquen
o brocado da pel polo vao dos outeiros.
Son un morto cubrindo cunha sombra
de azul e de obsidiana
os prados.

Rafael Lema



Canción do vento en Compostela

*porque está ferido
o corazón do vento*

Celso E. Ferreiro

Ánxel Casal, o corazón do vento
garda a memoria do noso ser perdido
onde aniñan as rulas nos recunchos do tempo
e o pito-rei peteira coma un martelo insomne
no corazón fendido mancado polos gumes
das horas da metralla do lume das ausencias
o corazón do vento onde xa só latexa
unha canción distante feita de lonxanías
Haberá quen a escoite?
Quen atenda a balada
que boga paseniño polos mares do esquezo
e pide para nós o pan a luz a vida
o libro aberto o viño o beixo a flor o leite
o sorriso a aperta o mel o aloumiño
a palabra máis nosa
que diga que xa nunca
que nunca máis xa nunca
a esperanza máis nosa volverá ser roubada?

Ramón Caride Ogando



Ánxel Casal, 1936

Escoitas partir xullo nun disparo
na cidade que dorme lentamente,
tes escrita unha carta con firmeza
dicindo que has subir coa fumareda
que cospe a chaminé cara ás estrelas,
e deixas mesmamente escrito un verso
que di que o amor só garda algún fragmento
do misterio e furor máis primitivo.

Sentes que falas un idioma raro,
xa non están as cousas, de repente,
e déixaste embeber pola beleza,
pola brutal beleza da vereda.
A liberdade morre nas ruelas
que acaban sendo todo o universo.
Tamén sabes que a vida é un raro vento
que non pode afirmar que segues vivo.

Román Raña



Non daban chegado os Xenerais;
as túas bágoas de impotencia
mergullábanse
nos tempos acaídos.

Atrás, as horas barullantes
duns combates corpo a corpo
co poder;
adiante, a noite pecha vestíndose de morte
tralo cerne.

Mais non daban chegado os Xenerais
e o silencio ía medrando
baixo miradas de ferro.
Namentres ti, Ánxel de todos,
afastabas moreas de carraxe
que unha Galicia insurxente
te apetuñaba na boca.

Rendido o corpo á escuridade imbécil,
estoupou a morte ardente no teu peito,
estoupou o noxo sementado na lembranza
que lles ía sobrevivir, moi fonda.

Escoitábase por Feros o bruar dos Xenerais;
serodio xa, para valerte.


Rosa Méndez



Semblanza de Ánxel Casal

Aquel era un tempo para a esperanza. O traballo que iniciaran as Irmandades da Fala comezaba a dar os seus froitos e Ánxel Casal –que á sazón era alcalde de Santiago de Compostela– fora unha peza importante nesa engranaxe que puxera a andar ao país. Militante do Partido Galeguista, vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña e membro da comisión que entregaría o Estatuto de Galicia no Congreso dos Deputados, Casal era tamén un mestre preocupado por facer chegar o galego aos nenos e, sobre todo, un editor con vocación de futuro. Nós e Lar foron os seus proxectos máis queridos e a eles dedicou un esforzo tremendo por facilitar aos escritores unha canle de difusión das súas obras ao tempo que os lectores se ían habituando a ver o galego como unha lingua válida para a literatura escrita. Conta a lenda que era a propia muller de Casal, María Miramontes, a que cosía os libros que el imprimía e que, cando ela tivo que exiliarse, levaba consigo un baúl co herdo da editorial. Lenda ou realidade, esta anécdota ilustra o agarimo que o editor Casal poñía no seu traballo. Da prensa de Nós saíron obras tan fundamentais como a revista do mesmo nome, o xornal *A Nosa Terra* e as primeiras novelas modernas da literatura galega. Mais, precisamente, por este incansable labor a prol de Galicia, Casal ía ser tamén un dos primeiros secuestrados que pasearon os fascistas cando estalou a guerra civil. Xunto con el fóronse figuras fundamentais da nosa cultura como Xaime Quintanilla, Arturo Noguerol, Camilo Díaz Baliño ou Alexandre Bóveda. E así rematou, a golpes de fusil, unha das etapas máis brillantes da nosa historia para caermos na negra e longa noite de pedra do franquismo.

Teresa Seara



Pola miña parte tentarei ofrecer de seguido unha pequena dramatización en verso dos últimos días do aventureiro editorial fundador de “Lar” e “Nós”

INTRODUCCIÓN

Uns fascistas inimigos do galego e da república chegan pra cobrar os tributos a unha aldea da bisbarra arzuá onde vivía Ánxel Casal, coa súa dona, retirado da presidencia municipal de Santiago de Compostela. Ó velos pasar, unha muller alporízase e vai correndo á casa do fervoroso galeguista. Ela, ó mesmo tempo impotente, berra diante da casa deste e outras mulleres saen á rúa pra escoitaren o que di. Ánxel Casal sae á porta. Uns cans ladran pola aldea coma se viñera Xan Moxico. As churras foxen pra detrás das casas e métese nos galiñeiros. Estas escenas vense diante da casa do editor cando o foron procurar uns fascistas o 4 de agosto do 36 pra levalo detido ó Pazo de Raxoi onde estivo preso e tamén desenvolvera o seu labor como alcalde republicano. Dúas semanas despois asasinárono e o seu cadáver apareceu nunha gabia do lugar de Cacheiras (Teo).

ESCENA I

VECIÑA (Berrando).

Fuxe meu amigo
axiña de aquí,
veñen uns fascistas
e veñen por ti.

ÁNXEL CASAL

A ver que me queren
eses algoasiles
que colgan ó lombo
uns vellos fusiles.
Daquela se veñen
a me interrogar
se o fan en galego
non me ha molestar.

VECIÑA

Eses non preguntan
non saben falar.
Os fillos do demo
só saben xurar.

Son xente sen alma
que cobran as rendas
por sermos galegos
de patria e de verbas.
Andan por Galiza
matando ó que fala
galego na rúa,
galego na casa.

ÁNXEL CASAL

¿Pra onde me levas,
algoasil, di?

FASCISTA


Te llevo a la cárcel
muy cerca de aquí.

ÁNXEL CASAL

¿De que me acusades,
quixera saber?

FASCISTA

De republicano
y saber leer.



ESCENA 2

PAZO DE RAXOI (Un fascista con cargo).

Llegastes gallego,
intelectual.

ÁNSEL CASAL

Aquí fun o alcalde
don Ánxel Casal.

FASCISTA

Ahora eres preso
de los nacionales
fascistas de Franco
y de la falange.
Descansa unos días
que irás a pasear.
Allá por Cacheiras
te han de fusilar.

ESCENA 3

(Dentro do cuarto dos presos está o seu

amigo e colaborador Camilo Díaz Baliño).
ÁNSEL CASAL (Con xeito festivo e ó mes-
mo tempo sorprendido).

Ola, meu amigo,
¿que fas por aquí?

CAMILO DÍAZ

Amigo Anxeliño,
o mesmo ca ti.

ÁNSEL CASAL

Din que decontado
nos van fusilar.

CAMILO DÍAZ

Antes meu amigo
heite retratar.

ÁNSEL CASAL

Morrer por Galiza
e pola palabra
e polos galegos
ca levan na alma.

Vicente Piñeiro González
Lugo, 4 de xuño de 2005



Nunha mañá de agosto

(Para Ánxel Casal)

Mañá de agosto con dentes de metralla
e palabras nadadoras que afogan
coma navíos de estirpe derrotada.

O corazón azul dos cabalos
derrama sangue encorreado
que forxa unha patria abaneada de mapoulas.

Derrubado nunha gabia xace
o compoñedor de textos
tecidos coa voz comunicante do desvelo,
o facedor de soños crebadizos ou esenciais
debruzados en páxinas coma en sabas nupciais
que coñecen a raíz promiscua
das xermolacións.

Hai que falar dos saqueados,
dos soñadores coroados de cinza,
do seu propósito de manacial
ou de látigo,
das súas veas subterráneas que se ramifican
en memoria saudadora.

Derrubado nunha gabia xace
un home que fala coa voz das formigas
desde un antártico silencio sen remedio.

Pero sabede que as formigas teimudas
carrexan mensaxes e gardan colleitas de luz
para os sucos arraizantes do futuro.

Xavier Lama



Biblioteca

Armados con fachos e estandartes, unha noite chegaron os de sempre. Cercaron a biblioteca para esnaquizar os restos, que deixaran as ratas do banquete.

Foron caendo dos andeis inmensos: rolos de pergameo e de papel lacrado; códices en linguas que xa nunca; manuscritos iluminados e libros de horas; copias únicas de tomos centenarios; clásicos latinos vertidos ao romance; o pensamento dos gregos traducido pola mente escrutadora de Averroes; un primeiro Dante, entrando nos Infernos; as metamorfoses de Ovidio, e a de Kafka; os mapas cartográficos do Tibet, que os xesuítas trouxeran para Europa; relatos de cruzados e de mouros; caligrafías en linguas case mortas; manuais de Ciencia e Xeometría; os libros de Sarmiento e de Feixoo; a gramática na que Nebrija imaxinara o imperio; e unha edición en coiro do Decamerón. E xa no chan mollaban con gasóleo os Contos de Canterbury e o Libro das Partidas; os relatos de Poe e o Necronomicón; as novelas de Verne e de Balzac; os ensaios de Engels e de Marx; as historias naturais, en varios tomos, de Plinio, de Eliano e de Buffon; os poemas de Whitman e de Horacio, de Rilke, Baudelaire e Octavio Paz; os dramas de Lope e Calderón, de Valle, de Shakespeare, de Sófocles e Pinter; a historia de Herodoto; os poemas de Catulo; as rimas de Becquer... Un a un, caendo na fogueira, que alegrou a noite dos traidores.

Unha noite chegaron os de sempre, de camisa azul e boina requeté, armados con fachos e estandartes. Cercaron a biblioteca para queimar os restos, que deixaran as ratas do banquete.

Foi a fin dunha época distinta, onde os homes amaban o saber. Foi o comezo traumático dun tempo, que preferiu a inxustiza á desorde.

Xavier Queipo



1936

Meu pai díxome
que, cando a guerra,
nos tellados da rúa Cabaleiros,
onde vivía,
rebotaban as balas nas paredes.

Unha presa de obreiros
contra as forzas alzadas
batíase impotente.

A moitos,
agardaríalles a cadea,
ou o monte, ou a morte
no foxo, coa bala na sen.

Sempre, na miña memoria,
aqueles homes sucán
a néboa cautelosa dos bosques de poñente.

Disparan mudos, cegos,
até que me miran de fronte
e, tendéndome a man, danme, marcada,
antes de se perderen para sempre na néboa,
unha bala de terra.

Xavier Seoane



“Regos de boa tinta”

Para Ánxel Casal

Ao coidado das túas mans de ourive
aprendín a ler
unha baraza de palabras
puídas polo tempo
en bibliotecas públicas
coma a túa causa.

Desembeleñando os dedos
que os teus teceron
en costura con pespuntos
de tinta e sangue
vanse abrindo páxinas novas
dunha agra vesada
en ringleiras de acentos.


E sei da sementeira
venturosa dos patrucios
patrimoniais.

Milleiros de páxinas de ouro
que rebentan na terra
sementada
con grau do país.

Nos sucos nosos
entre as espigas albas
millo rubio do teu sangue.

Ao coidado das maus
gabelas de palabras
de aire fresco
en compromiso.

Xoán Carlos Domínguez Alberte



Así se escribe a Historia

Corazón mozo en desacougo
á procura da identidade das pegadas
nun camiño sementado de soños.

Xenerosa e preclara militancia
contra as penurias dun tempo precario
que vence todos os desalentos.

No seu humilde obradoiro,
á calor de incansábeis azos,
mans amorosas compoñen pensamentos
grafan formas dos sentimentos
terman das palabras dunha patria.

No *lar* do *Casal*
o lume das letras está sempre aceso.

Cando o atoparon morto nunha virada do camiño
acalaran o seu corazón
–outra *cuneta* anegada de sangue–
pero non silenciaron o latexo da súa paixón.
...Así se escribe a Historia.

Nós, os herdeiros mellorados
da escrita impresa na memoria
honramos o seu testamento
descifrando símbolos e significados.

Xoán Neira
Viveiro 2005



A Ánxel Casal Gosenxe (A Coruña, 1895-cuneta de Cacheiras, Teo, A Coruña, 19 de agosto de 1936), de quen dixo Castelao: “Casal por Galicia fixo máis do que todos nós”, e á súa muller María Miramontes Matos (Sta. María de Guísamo, A Coruña, 6 de abril de 1895-Bos Aires, 17 de setembro de 1964), modista, que militou na Irmandade Feminina da Fala e na Agrupación Republicana Feminina, de A Coruña, “mecenas da cultura galega” en frase de Alonso Montero.

A nivel popular, un esquecido,
merecedor da máis senlleira gloria
pola súa entrega e nobre traxectoria
non soio de editor esclarecido

senón de loitador, comprometido
a prol da Terra sempre ata a vitoria.
El nunca perseguiu a vanagloria.
Tivo á súa patria o corazón rendido.

Achou na súa muller a fortaleza,
a fe, entusiasmo, axuda na tarefa
de acadar o mellor para Galiza,

causa isto de ser asasinado
por grupo falanxista, dominado
por rancor ata a morte nesta liza.

Xoán Xosé Fernández Abella
Os Tilos, 19 de agosto de 2004



Se Ulises bordease as nosas rías,
non serían as sereas causa do seu desvarío,
serían os nosos deuses que o confundirían
para impedir que non fundase unha Grecia.

Se Marco Antonio nacesse en Gallaecia,
os sacerdotes do templo impedirían que conquistase o mundo
para que así fisterra fose aínda máis fisterra.

Se Mendiño fose rapaz, odiaría á profesora de galego,
sobrada, maníaca e depresiva,
e vararía na procura de sal e liberdade noutra extraña lingua.

Se Bodelaire nacesse en Itaca,
non podería soñar coa preguiza con que soña a lúa,
porque lle cuspirían en toda a súa faciana
e embazarían os seus potentes lentes.

Se Neruda habitase nas nosas maravillosas illas,
non podería construír unha casa onde escribir as súas sonatas,
porque sería condenado ao ostracismo e á burla.

Se Alfonsina leílese por estas praias de area míllara,
prohibiríanlle deitar o seu corpo nas súas augas lapislázuli,
porque unha chusma atea, máis obtusa cá mística,
a convertería nunha santiña apreixada a unha fiestra con reixas.

Se Amado Carballo volveuse a sobrevivir por estes lares,
o pasado e o presente serían o mesmo faiado de sombras,
os astros sen luz e as estrelas infelizmente estantías.

Se os deuses quixeran, nun plis plás, darían outro golpe fraticida
e as cunetas volverían a sangrar con outros fríos beizos,
coa sempiterna nocturnidade e alevosía.

Porque abafante é a nazi3n que fai de todo unha dialéctica,
da lingua unha liturxia, da historia unha aburrída letanía,



da terra un cemiterio, da gaita un catalexos,
da dramaturxia un miserere, ...
abofé que de todo fai un cadaleito de soños
para que os ventos espallen bolboretas de cinsa.

E o eterno retorno, vólvese paranoia dun burlón profesor de
filosofía,
falso profesor, actor de catro frases obtusas e frívolas,
que fala co seu can da subvención da respectiva consellería.

Pero os espíritos vivos saben que son malos tempos para a lírica;
que son tempos propicios para as listas e restrinxidas antoloxías,
para o despotismo ilustrado e a sinistra utopía.

Axoénllase a herba, cala o vento, esfúmase a nube,
seca o río e páranse as mareas,
para preservar a poesía ...

Acouga en paz, Ánxel Casal, lonxe desta estulticia.

Xoaquín Agulla Pizcueta
Cangas 29 de xuño de 2005



Meu amigo

Meu amigo, ¿como brilla a túa man
aínda nas palabras que perduran
perfumadas no bálsamo do gozo?

¿Como fulguran as grafías no óleo
soterrado no espasmo do teu sangue,
que garda intemporal o magma insomne

daquela menta que pervive invicta
nas liturxias máis rústicas da lúa
no inmutable prodixio dos menhires?

Meu amigo, endexamais extinto en silex
na violación inútil do alquimista
no insobornable dolmen das feridas.

¿Non sentes o rumor das carballeiras,
os merlos nos regatos dos muíños
e os bicos do nordés pola faciana

nas brétemas do corazón ó lonxe
nos territorios verdes da morriña
polo río calado no que dormes?

Meu amigo, náufrago das iras cegas,
onde florecen os rancos mouros,
que queiman acendidas todo soño.

Xosé Abeal

Na Coruña a 6 de xuño do 2005



A memoria esterilizouse de azul
e o sentido común advirte das reservas de nada.

Eles teñen mans que só ven sacrilexios
porque entenden as instrucións
en idiomas que se len desde o sangue.

E aínda patentan o fiuncho obrigatorio
a brúxula
en lugar dos libros con palabras
a irritación da seara
a materia viscosa da infamia e o drama.

Hai homes que venden diámetros ás terras sometidas
e queren renovar a concesión do seu nordés por outros noventa anos
para que a historia empece desde cero.

É nocivo indagar no presente con navalla?

Xosé Luís Martínez Pereiro



Outro luceiro no ceo de Galiza

¡Tivo que ser co teu sangue
o xeito de acadar a razón, con demora!
Cega envexa das túas conviccións
conducíronte á morte, á calada,
e agromou outro luceiro no ceo de Galiza.
Non souberon ver, os tolos, que estabas
a debullar os grans da familia, do porvir,
da terra nai, da lingua, da identidade,
da herdanza, da fe. ¡Malpocados!
Tomaron medo da enerxía que fervía en ti
e alporizaba os peitos que berraban “¡basta!”;
sabían que había almas sedentas da túa fonte.
Frangulla a frangulla construíches a idea
de que somos alguén con quen contar,
pobo manancial, e fíxose longa a cadea
dos que creron en ti, e máis longa se fai
canto máis te sabemos; tentan rabenar a idea,
pero xa Galiza non se contén, e grita, a eito,
cun só berro que resoa nos montes, forte e rexo,
e nos mares, e no ar,
que non se consenten fendas
nin aloucados rebumbios, coma ti querías:
¡agora xa somos nós!,
¡somos, todos xuntos, un fito na historia!

Xosé Manuel Cairo Antelo



Versos para Ánxel

A lumieira de agosto non se rompe
sen ti que aínda hai máis centos de palabras
na memoria de nós para ofrecerche
anxo da rúa do vilar en andias
dos amigos que sempre somos todos
teus a recoser ex libris as páxinas
da longa ensoñación que non remata.

E vives no casal que nos pronuncia
ergueitos na esperanza das leilías
e das flores, do vento aquel das albas
permanentes, do ourilecer das tribos,
da noite que non manca.
Sexas infinito e ancho coma un mar
e habites no xardín da Nosa Casa.

Xosé Vázquez Pintor



Maruxa, a compañeira

María Dolores Miramontes Mato, ese é o nome de Maruxa, a compañeira de Casal. Naceu en Guísamo e morreu o 17 de Setembro de 1964, en Buenos Aires. Detrás do traballo tan esforzado como ingrato (imprimir, encadernar, distribuir...) de Ánxel, nunha época na que a industria do libro galego non existía, os aforros de María paliaban os déficits da imprenta contribuindo de maneira decisiva á viabilidade da editora, e a que fosen aparecendo sucesivamente nomes e libros referenciais da nosa literatura (Risco, Lorca, Amado Carballo, Carvalho Calero...)

Casaron no 1920. María tiña o rostro ovalado e uns inmensos ollos redondos, alegres e serenos.

Maruxa era modista. Diseñaba, cortaba e cosía para a burguesía coruñesa. Unha burguesía, indiferente ou hostil á lingua que –matina Alonso Montero– estaba sen sabelo a subvencionar unha literatura comprometida coa causa do nazionalismo galego. “Era unha das modistas máis prestixiosas” –di o irmán de Ánxel, Manuel Casal, a quen Maruxa lle entregou como recordo as cousas que o mártir deixara na celda cando o asasinado Solla o foi sacar para levalo á cuneta de Cacheiras: unha toalla, xabrón, as zapatillas, unha chaqueta e un reloxo...

Conta Antonio Mateo Pena, empregado da imprenta de Casal, que cando o apuro era moito, a mesma Maruxa se prestaba a coser e encadernar os libros, engadindo horas extras ao seu xa sobrecargado horario laboral, e facendo súa a causa do seu home.

...

Anos despois marchou a Buenos Aires, casada con Vicente Miramontes. Disque era unha maniática da limpeza, “na casa, na entrada común, na beirarrúa e na calzada aplícabase a escobazos, xabronadas e desinfectantes”. Á súa morte, Vicente casa con Leonor –corenta anos máis nova– quen, ignorando a súa importancia, baleirou o piso da rúa Bartolomé Mitre de roupas, fotografías, documentos e cartas, “que traían malos recordos e xuntaban terra”. Nada ficou da viúva de Ánxel Casal Gosende nesa casa.

Acaso non sexa de todo inútil lembrala aquí.

Xulio López Valcarcel

Índice

| | |
|---|----|
| <i>Cesáreo Sánchez Iglesias</i> | |
| Presentación | 5 |
| <i>Álvaro Lago</i> | |
| Ánxel-Prometeo | 7 |
| <i>Andrés Pociña</i> | |
| A semente de Ánxel Casal | 9 |
| <i>Antía Otero</i> | |
| (É a posición en media espiral da costureira que nos dá nome) | 11 |
| <i>Antón Grande</i> | |
| Maldición | 13 |
| <i>Avelino Pousa Antelo</i> | |
| Ánxel Casal, o alcalde mártir | 15 |
| <i>Baldo Ramos</i> | |
| Desandada luz | 17 |
| <i>Carlos Figueras</i> | |
| Os invictos | 19 |
| <i>David Otero</i> | |
| “Cara a Cacheiras.... naquela curva” | 21 |
| <i>Emilio Xosé Ínsua</i> | |
| Casal e Villar Ponte: a letra como bandeira | 23 |
| <i>Fidel Vidal</i> | |
| Letra impresa | 25 |
| <i>Francisco Castro</i> | |
| Canción para Ánxel Casal, fusilado polos fascistas en 1936 | 27 |
| <i>Francisco X. Fernández Naval</i> | |
| Nós | 29 |

| | |
|---|----|
| <i>Henrique Rabuñal</i> | |
| Abrazo a Ánxel Casal | 31 |
| <i>Igor Lugris</i> | |
| Pensam queimar as nossas bibliotecas | 33 |
| <i>Inma López Silva</i> | |
| Maleta perdida de M.M. | 35 |
| <i>Laura Caveiro</i> | |
| O esplendor das roseiras | 37 |
| <i>Lourdes Maceiras</i> | |
| Carta nunca lida | 39 |
| <i>Lucía Novas</i> | |
| Levabas no corpo flor de vidro, alfabeto de soños, | 41 |
| <i>Luis Martínez-Risco Daviña</i> | |
| Ánxel Casal | 43 |
| <i>Marga do Val</i> | |
| E atravesaron o Atlántico | 45 |
| <i>Marica Campo</i> | |
| 18 de Agosto de 1936 | 47 |
| <i>Marilar Aleixandre</i> | |
| Os nomes dos que pasaron o Río Negro | 49 |
| <i>Marta Dacosta</i> | |
| Homenaxe a Casal e outros Anxos | 51 |
| <i>Paco Souto</i> | |
| O parte 36 | 53 |
| <i>Rafa Villar</i> | |
| os crebados días | 55 |
| <i>Rafael Lema</i> | |
| Homenaxe a Ánxel Casal | 57 |
| <i>Ramón Caride Ogando</i> | |
| Canción do vento en Compostela | 59 |
| <i>Román Raña</i> | |
| Ánxel Casal, 1936 | 61 |
| <i>Rosa Méndez</i> | |
| Non daban chegado os Xenerais;... .. | 63 |
| <i>Teresa Seara</i> | |
| Semblanza de Ánxel Casal | 65 |

| | |
|---|----|
| <i>Vicente Piñeiro González</i> | |
| Uns fascistas inimigos do galego e da república | 67 |
| <i>Xavier Lama</i> | |
| Nunha mañá de agosto | 71 |
| <i>Xavier Queipo</i> | |
| Biblioteca | 73 |
| <i>Xavier Seoane</i> | |
| 1936 | 75 |
| <i>Xoán Carlos Domínguez Alberte</i> | |
| “Regos de boa tinta” | 77 |
| <i>Xoán Neira</i> | |
| Así se escribe a Historia | 79 |
| <i>Xoán Xosé Fernández Abella</i> | |
| A nivel popular, un esquecido,... .. | 81 |
| <i>Xoaquín Agulla Pizcueta</i> | |
| Se Ulises bordease as nosas rías, | 83 |
| <i>Xosé Abeal</i> | |
| Meu amigo | 87 |
| <i>Xosé Luís Martínez Pereiro</i> | |
| A memoria esterilizouse de azul | 89 |
| <i>Xosé Manuel Cairo Antelo</i> | |
| Outro luceiro no ceo de Galiza | 91 |
| <i>Xosé Vázquez Pintor</i> | |
| Versos para Ánxel | 93 |
| <i>Xulio López Valcarcel</i> | |
| Maruxa, a compañeira | 95 |

